Concello de AMES

**ACTA DE APERTURA E CUALIFICACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XERAL DO PROCEDEMENTO ABERTO CUN ÚNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN (FACTOR PREZO) DAS OBRAS DO PARQUE INFANTIL NON ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO. MILLADOIRO-AMES. PAS CONVENIOS. ANUALIDADE 2015**

Na Casa Consistorial de Ames sendo as dez horas do día oito de novembro de 2016, reúnese a Mesa de Contratación designada para a tramitación da adxudicación do procedemento aberto das obras do **"PARQUE INFANTIL NO ENTORNO DA TRAVESÍA DO PORTO. MILLADOIRO-AMES".**

**ASISTENTES:**

**Presidente:**

Don José Blas García Piñeiro, concelleiro delegado de urbanismo, obras públicas e servizos básicos.

**Vogais:**

- Dona Rosa Ana Prada Queipo, secretaria da Corporación.
- Dona Margarita Fernández Sobrino, interventora da Corporación.
- Don José Rogelio Pardo Martínez, xefe do departamento de contratación.

**Secretario:** Don Emilio Garrido Moreira, funcionario do departamento de contratación.

Constitúe o obxecto desta reunión proceder á cualificación da documentación xeral presentada polos licitadores. Durante o prazo de presentación aberto para os licitadores, que rematou o día 24 de outbro de 2016, presentaron ofertas vinte e dúas empresas.

A continuación procédese a apertura do sobre "A" nomeado "documentación administrativa" resultando o seguinte:

| EMPRESA | DECLARCION RESPOSABLE | % SUBCONTRATACIÓN | DATOS DE CONTACTO | DECLARACIÓN TRABALLADORES | COMPROMISO ADSCRICIÓN MEDIOS |
|---|---|---|---|---|---|
| EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES SA | SI | SI | SI | SI | SI |
| ALVAC SA | SI | SI | SI | **NO** | SI |
| HPC IBÉRICA SA | SI | SI | SI | SI | SI |
| BRISA EXCAVACIONES, OBRAS Y SERVICIOS SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| PROYECON GALICIA SA | SI | **SI (34,24%)** | SI | SI | SI |
| SYR-AMG SLU | SI | SI | SI | SI | SI |
| GR COSNTRUCCIONES, OBRAS Y SERVICIOS SLU | SI | SI | SI | SI | SI |
| GALITEC DESARROLLOS TECNOLÓGICOS SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| CETA CONTRATAS SL | SI | SI | SI | SI | SI |

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns 15220 AMES (A Coruña)
concellodeames@concellodeames.org www.concellodeames.org
Telf: 981 883 002 Fax: 981 883 925

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| COVIASTEC SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL | SI | **SI (34,19%)** | SI | SI | SI |
| GALOPÍN PLAYGROUNDS SL | SI | SI | SI | **NO** | SI |
| EXCAVACIONES Y OBRAS MELCHOR SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| OBRAS Y SANEAMIENTOS DE GALICIA SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| JARDINCELAS SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| EXCAVACIONES OVIDIO SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| TERRAUGA PROYECTOS Y OBRAS SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| CONSTRUCCIONES D. OGANDO SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| JARDINERÍA ARCE SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| OZIONA SOLUCIONES DE ENTRETENIMIENTO SL | SI | SI | SI | SI | SI |
| NOVATILU SLU | SI | **SI (34,75%)** | SI | SI | SI |

A mesa de contratación despois de estudar a documentación presentada no sobre A polas distintas empresas licitadores advirte que algunha delas (concretamente ALVAC SA e Galopín Playgrounds SL) non presenta o modelo denominado "certificado sobre traballadores con discapacidade", como así se estipula no apartado 12.1 do prego que serve de base para a licitación.

A continuación, e tendo en conta o anteriormente exposto, previa deliberación, a Mesa de Contratación, por unanimidade dos seus membros, **ACORDA**:

1º.- Dirixir escrito vía fax ás citadas empresas que non presentan o modelo denominado "certificado sobre traballadores con discapacidade" concedéndolle un prazo de **5 días naturais** ós efectos de que acheguen ante a mesa de contratación a documentación requirida.

2º.- Unha vez sexa presentada, polas empresas, a documentación xustificativa requirida a mesa reunirase novamente para proceder á apertura dos sobres C que conteñen as ofertas económicas das empresas admitidas na licitación.

Concello de AMES

A continuación a mesa de contratación segue analizando a documentación presentada, concretamente por tres empresas, que presentaron en prazo a súa oferta: PROYECON GALICIA SA, CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL e NOVATILU SLU, advertíndose o seguinte:

- **PROYECON GALICIA SA**: Presenta a totalidade da documentación que segundo os pregos de cláusulas administrativas debería figurar no sobre da documentación administrativa. No anexo relativo ao porcentaxe de obra que ten previsto subcontratar indica que o porcentaxe ascende ao 34,24 %, excedendo o importe máximo de subcontratación previsto no apartado 12 do cadro de características do contrato que é do 30 %.
- **CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL**: Presenta a totalidade da documentación que segundo os pregos de cláusulas administrativas debería figurar no sobre da documentación administrativa. No anexo relativo ao porcentaxe de obra que ten previsto subcontratar indica que o porcentaxe ascende ao 34,19 %, excedendo o importe máximo de subcontratación previsto no apartado 12 do cadro de características do contrato que é do 30 %.
- **NOVATILU SLU**: Presenta a totalidade da documentación que segundo os pregos de cláusulas administrativas debería figurar no sobre da documentación administrativa. No anexo relativo ao porcentaxe de obra que ten previsto subcontratar indica que o porcentaxe ascende ao 34,75 %, excedendo o importe máximo de subcontratación previsto no apartado 12 do cadro de características do contrato que é do 30 %.

Á vista do exposto a mesa de contratación, por unanimidade dos seus membros presentes, **ACORDA a exclusión** do procedemento das seguintes empresas:

- PROYECON GALICIA SA
- CONSTRUCCIONES LEMOS MARTÍNEZ SL
- NOVATILU SLU

E non habendo máis asuntos que tratar o señor Presidente deu por rematado o acto sendo as doce horas e corenta minutos, do que se estende a presente acta, que en proba de conformidade asinan todos os membros da Mesa de Contratación, e eu, como secretario da mesma, certifico.